

Que aconteceu despois do Big Bang?

Charla dada por Víctor López Pardo, do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, o día 15 de decembro de 2023 no IES Rafael Dieste.

O físico falounos do sucedido segundos despois da gran implosión que deu paso á creación do Universo, o Big Bang.

Primeiro, sintetizou toda a vida do Universo nun só ano para que nos fixéramos unha idea do pouco tempo que levamos nel.

Despois disto, comentou as etapas deste facendo referencia á temperatura, a cal foi de máis a menos a medida que o tempo ía pasando.

Finalmente, explicou os estados da materia nas diferentes etapas. Estes estados dependen da temperatura e son os seguintes (en orde de máis temperatura a menos): plasma de quarks e gluons, plasma, gas, líquido e sólido.

Palabras chave: Big Bang, temperatura, plasma, átomo, quark, gluon.

Palabras novas: ningunha.

Gustoume moito a charla porque é un tema no que estou moi interesada e ademais as explicacións foron moi claras e estaban adaptadas ao noso nivel, polo tanto pareceume moi amena.

A temperatura é a axitación das partículas, polo tanto, cal é a temperatura do baleiro?

O espazo non está completamente baleiro, xa que temos fotóns e normalmente atopamos un átomo de hidróxeno cada certos quilómetros, de todas formas, non falaríamos de temperatura exactamente, senón de infravermellos.

Leda Tinaquero Vizoso 4º ESO B